

**PROGRAMA DE AXUDAS PARA
O DESENVOLVEMENTO DE
ACTIVIDADES DEPORTIVAS E
CULTURAIS**

**CONCELLO DE MUROS
2010**



01

**Modalidade
Cultura**

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ASOCIACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS NO ANO 2010

Artigo 1.– FINALIDADE E OBXECTO

A Concellaría de Cultura, Deporte, Educación e Xuventude asume as competencias que a facultan ao deseño, programación, desenvolvemento e execución da política cultural do Concello de Muros en todas as súas vertentes.

Correspóndelle a esta concellaría a elaboración de normas e propostas para impulsar a creación e promover e difundir a cultura nos seus diversos eidos, a través da xestión das diferentes axudas e instrumentos de colaboración coas entidades locais.

No exercicio destas competencias, a Concellaría de Cultura, Deporte, Educación e Xuventude con estas bases quere establecer un instrumento que, adecuándose á normativa xeral vixente, marque as pautas para unha distribución, de acordo cos criterios de publicidade, obxectividade e concorrencia, dos recursos destinados ao fomento da actividade cultural.

É obxecto destas bases reguladoras fixar para o exercicio 2010, o réxime de concesión de subvencións para a realización de programas ou actividades culturais concretas polas asociacións sen ánimo de lucro, que sexan solicitadas ao Concello de Muros, conforme o procedemento que a continuación se establece.

En concreto as actividades obxecto de subvencións serán as seguintes:

Programas e actividades culturais concretos, en particular aquelas destinadas á promoción e cooperación cultural; á difusión e animación sociocultural que contribúen ao espallamento da cultura galega; gastos de persoal para a dirección e coordinación e desenvolvemento das actividades.

Inclúense nesta orde os programas e actividades desenvolvidas **dende o 1 de xaneiro de 2010 até o 31 de decembro de 2010.**

Non serán obxecto de financiamento os seguintes gastos: festas gastronómicas, locais e patronais, agás as actividades e programas a elas asociados e que respondan ao previsto nestas bases.

Tendo en conta todo isto, a Concellaría de Cultura, Deporte, Educación e Xuventude, convoca axudas económicas para a participación ou desenvolvemento de programas culturais con cargo á aplicación orzamentaria 334.48900 dos presupostos municipais do Concello de Muros para o ano 2010.

Artigo 2.– SOLICITANTES

Poderán optar aos programas contidos na presente convocatoria as entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas.
- Carecer de fins de lucro.
- Estar rexistrada no Rexistro de Asociacións de Galicia e ter a súa sede no Concello de Muros.





- d) Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial municipal ou sobre temas de interese para o municipio.
- e) Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- f) Estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, co Concello e coa Seguridade Social.

Non poderán ser beneficiarios desta axuda aqueles que se atopen nalgún dos supostos previstos nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3.– CONDICIÓNS

- As entidades poderán solicitar **só un proxecto de actividade** decantándose pola convocatoria de programas dirixidos **actividades culturais** ou a **actividades deportivas**.
- O Concello de Muros poderá conceder subvencións ata un máximo de **1.500,00 € por proxecto**.
- O proxecto deberá contar cun nivel de **autofinanciamento** da propia entidade de polo menos, **o 10% do seu importe**.
- **Non ter recibido ningunha outra axuda durante o ano 2010 do Concello de Muros**, para a mesma actividade.

Artigo 4.– DOCUMENTACIÓN

- As solicitudes deberán formularse nos **modelos normalizados** que se facilitarán no Centro Cultural e Xuvenil de Muros, ou na páxina web do Concello de Muros: www.muros.es.
Achegarase tamén a seguinte documentación:

4.1.– Documentación xeral da entidade:

- 1.– Fotocopia compulsada da tarxeta do CIF da entidade, agás se xa foi presentada no ano 2009, 2008 ou 2007.
- 2.– Fotocopia compulsada dos estatutos da entidade, agás se xa foron presentados no ano 2009, 2008 ou 2007.
- 3.– Fotocopia compulsada da tarxeta do NIF do representante, agás se é o mesmo que no 2009, 2008 ou 2007.
- 4.– **Declaración de estar ao corrente das súas obrigas** coa Axencia Tributaria, co Concello e coa Seguridade Social (**anexo IV**).
- 5.– **Certificación na que se exprese o número de socios en activo (anexo II)**.
- 6.– **Certificación orixinal dos datos bancarios da entidade**.
- 7.– **Declaración do representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade** para contratar e percibir subvencións da Administración pública, e de aceptación das bases da convocatoria (**anexo IV**).
- 9.– **Compromiso da entidade de facer constar a colaboración do Concello de Muros** en toda a información que realice do desenvolvemento das actividades (**anexo IV**).





4.2.– Documentación específica da subvención:

10.– **Memoria explicativa da actividade ou investimento** que se vai realizar. A memoria deberá mencionar ás persoas beneficiadas directa ou indirectamente pola axuda, o calendario fixado e o compromiso de uso do galego na publicidade xerada da actividade.

11.– **Declaración doutras subvencións solicitadas para a mesma finalidade (anexo IV).**

No caso de realización de actividades:

12.– **Orzamento estimativo de ingresos e gastos.**

A documentación que se entregue en fotocopia ha de vir compulsada.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base 4 deberá ser corrixido no prazo de dez días dende a recepción do requirimento.

Artigo 5.– LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

5.1.– Presentación ordinaria:

As solicitudes presentaranse no **Rexistro Xeral do Concello de Muros** ou por Correo con rexistro de entrada de Correos na solicitude.

5.2.– Prazo de presentación:

O **prazo de presentación** das solicitudes será do **10 de maio ao 10 de xuño de 2010.**

Artigo 6.– RESOLUCIÓN DOS PROGRAMAS

A concesión das subvencións realizarase, mediante réxime de **concorrenza competitiva**, e será aprobada por resolución da Xunta de Goberno Local, despois da proposta motivada da comisión avaliadora correspondente.

A **COMISIÓN AVALIADORA** estará composta polos seguintes membros:

* **PRESIDENTE:** Concelleira de Cultura, Deporte, Educación e Xuventude.

* **VOGAIS:**

a) Concelleira de Promoción Económica ou persoa na que delegue.

b) Membro designado polo alcalde, do Departamento de Cultura, Deporte, Educación e Xuventude.

Na comisión actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, o secretario municipal ou persoa na que delegue.

6.1.– Valoración das solicitudes.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración das actividades e investimentos que se van realizar, valorando as seguintes circunstancias:

* Calidade, interese, orixinalidade e carácter innovador do programa ou actividade desde o punto de vista cultural.

* Carácter continuado e non ocasional do proxecto.

* Número de beneficiados/as directa ou indirectamente polas actividades ou investimentos.





- * Carácter social e integrador do proxecto.
- * Nivel de auto - financiamento derivado da solicitude.
- * Adecuación das actividades ou investimentos que se van realizar ao interese municipal.
- * Emprego da lingua galega na publicidade do proxecto.

6.2.– Notificación e publicidade da resolución.

A resolución de concesión deberase notificar expresamente a todos os solicitantes de forma fidedigna nun prazo máximo de dous meses dende a data límite de presentación de solicitudes. As subvencións concedidas publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Muros e na súa páxina web www.muros.es.

Vencido o prazo máximo sen que sexa notificada a resolución expresa ao interesado deberá entenderse desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Artigo 7.– XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

7.1.– Prazo de xustificación.

O prazo para a xustificación das subvencións finalizará **o día 15 de xaneiro de 2011**. As subvencións outorgadas serán abonadas a medida que sexan xustificadas.

Se non se presenta a xustificación dentro de prazo, o Concello de Muros, mediante a resolución correspondente, iniciará expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final notificaráselle á entidade da que se trate.

7.2.– Consideracións xerais.

- As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos.
- A cantidade a xustificar será: a cantidade outorgada máis a porcentaxe de autofinanciamento marcada pola propia entidade, que **será un mínimo do 10% da cantidade outorgada**.
- O importe das subvencións concedidas, **en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario**.
- Para o cobro da subvención as entidades **deberán estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Muros**, situación que determinará de oficio o propio Concello de Muros.

7.3.– Documentación xustificativa.

Para o cobro da subvención as entidades deberán presentar unha conta xustificativa simplificada, mediante a achega da documentación que, de seguido, se sinala:

A.– Unha memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, acompañada de publicidade (carteis, trípticos, ...) para a mesma. No caso de que a entidade non realizase publicidade da actividade subvencionada, deberá presentar unha declaración na cal se manifieste que a entidade non realizou ningún tipo de publicidade.





B.- Facturas orixinais ou copia compulsadas polo importe a xustificar.

C.– Unha relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

No caso de concorrencia de subvencións públicas que se atopen xustificadas, poderá achegarse certificación da Administración outorgante, na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificadas e período ao que se refiren os gastos.

7.4.–Tramitación da xustificación.

Entenderase que o gasto está realizado coa achega da documentación sinalada na base 7.3 anterior.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa emenda. Pasado dito prazo archivarase a solicitude e non terá dereito á reclamación.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

